

PROVIDENCIA DE INICIO DO EXPEDIENTE

Tendo solicitada axuda ao abeiro da *Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social receptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) (código de procedemento TR351F) (DOG núm. 22 do 1 de febreiro de 2023)*, e vista a resolución da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de data 9 de maio de 2023,

Páxina| 1

DISPOÑO:

- Incóese expediente para a contratación de 2 persoas desempregadas, na ocupación de peón forestal, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización dos contratos.
- Os contratos a formalizar serán a xornada parcial, por un período de 9 meses, na modalidade de contrato de mellora da ocupabilidade e inserción laboral, para a realización de traballos de limpeza e mellora de espazos públicos e de conservación medioambiental, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.
- Incorpórense ao expediente as bases de selección que garantan os principios de igualdade, mérito e capacidade, o preceptivo certificado de existencia de crédito e demais documentación complementaria prevista na Lei.

Documento asinado electronicamente.

